



**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA DESBROZADORA LATERAL PARA LABORES MEDIAMBIENTAIS DO CONCELLO DE MURAS.**

**1. Elementos do contrato.**

**1.1. Obxecto do contrato.**

O presente contrato de subministro ten por obxecto a adquisición dos bens a que se refire o epígrafe 1 do cadro de características do contrato, con suxeición ao Prego de Prescricións Técnicas que figura como anexo e parte integrante deste prego.

Nos bens obxecto do subministro concorren as características do artigo 9 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

No caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

**2. Orzamento do contrato e tipo de licitación.**

Sínalase como tipo de licitación o importe que figura no epígrafe 2 do cadro de características do contrato.

Na contratación desta subministración entenderase que os contratistas, ao formularen as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 87.2 TRLCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

**3. Financiamento.**

Para atende-las obrigas económicas que se derivan para a Administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no orzamento da Corporación con cargo á aplicación sinalada no epígrafe 3 do cadro de características do contrato.

**4. Revisión de prezos.**

Os prezos de contratación dos subministración comprendida neste contrato, considerando o seu prazo de entrega non poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e polo tanto non se aplicará fórmula algunha de revisión.

**5. Forma e procedemento de adxudicación.**

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente de acordo co previsto neste Prego.



## **6. Consulta de pregos e obtención de copias.**

Os interesados poderán consultar os pregos e obter copias dos mesmos no lugar que se indica no epígrafe 8 do cadro de características.

## **7. Capacidade para contratar.**

7.1.- Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera no artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

7.2.- Unións temporais de empresas.

Si varios empresarios concorren a licitación como unha unión temporal, cada un deles deberá acredita-la súa personalidade e capacidade, achegando tódolos documentos a que se refire a cláusula 8 do presente prego, indicando a porcentaxe de cada un deles, así como a designación dun representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercita-los dereitos e cumpri-las obrigacións que se deriven do contrato ata a súa extinción, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contías significativas.

Para a presentación de ofertas por parte da unión de empresarios non se esixe a formalización da unión en escritura pública. Sen embargo no caso de resultar adxudicataria, deberá formalizarse a unión de empresas en escritura pública dentro do prazo máximo de quince días a contar desde a notificación da adxudicación do contrato.

## **8. Garantía provisoria.**

En consonancia co disposto no artigo 103 do TRLCSP para participar na licitación non se esixe a constitución de garantía provisoria

## **9. Anuncio e perfil do contratante.**

A adxudicación do procedemento negociado sen publicidade a que se refire o presente Prego, realizarase previa consulta, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización da subministración obxecto do contrato.

## **II. Adxudicación.**

## **10. Proposicións: lugar e prazo de presentación.**



As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nos epígrafes 6 e 7 do cadro de características do contrato, oito días naturais dende a recepción da invitación e ata o día 13 de xuño de 2017 para que oferte, de acordo co indicado no epígrafe 6 do cadro de características, en horas de nove a trece e en tres sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

### **11. Proposicións: documentación.**

Os empresarios invitados a licitación presentarán as súas ofertas en tres sobres pechados, asinados polo licitador ou seu representante, con indicación do nome, apelidos e razón social, nos que se fará constar a denominación do sobre e lenda "*Proposición para licitar á contratación do subministro dunha desbrozadora lateral para labores medioambientais*", e nos que se incluírá a seguinte documentación:

#### **11.1. Sobre "A" subtulado "DOCUMENTACIÓN"**

Conforme posibilita o apartado 4º do art. 146 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en substitución da achega inicial da documentación establecida no apartado 1º, o licitador presentará unha declaración responsable indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. En tal caso, o licitador a cuxo favor recaía a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos. Dita declaración responsable axustaranse ao seguinte modelo:

"D.Dª \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, no seu propio nome ou como representante legal da empresa \_\_\_\_\_, DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1º. O fiel cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, conforme esixe o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, nos termos e condicións previstos no mesmo.

2º. Non estar incurso (e/ou a empresa á que se representa, os seus administradores ou representantes) en ningunha das prohibicións e incompatibilidades para contratar sinaladas no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, nos termos e condicións previstos no mesmo.

3º. Estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, así como non ter débedas de natureza tributaria en período executivo de pago co Concello de Muras.

Así mesmo, comprométese a acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos no apartado 1º do art.



146 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Lugar, data e firma”.

### **11.2. Sobre “B” subtulado “ DOCUMENTACIÓN TÉCNICA”**

Neste sobre incluírase a documentación técnica, conterá as seguintes referencias técnicas.

- Documentación técnica e referencias detalladas. Catálogo orixinal do fabricante da unidade ofertada, programa de mantemento e descrición do servizo post-venta.
- Memoria descritiva da desbrozadora, equipamentos e accesorios que se ofrecen especificando as características técnicas dos mesmos, prezos unitarios, así como unha sucinta descrición da capacidade de produción e distribución das fábricas ou talleres que realizan os bens obxecto do presente contrato.
- Certificación da asistencia técnica de que dispón a empresa para o mantemento do material e reposicións durante o período de garantía do contrato, e programa e condicións de mantemento.
- Declaración e compromiso de prazos de entrega e garantía da totalidade da subministración.
- Solvencia técnica. Acreditarase mediante a presentación dunha relación das principais subministracións efectuadas durante os tres últimos anos, indicando o seu importe, datas e destino público ou privado, á que se incorporarán os correspondentes certificados sobre os mesmos.
- Proposta de redución de prazos de entrega expresada en días.
- Índice de documentos que contén o sobre.

### **11.3. Sobre “C” subtulado “Oferta económica”**

Conterá a proposición económica conforme ao seguinte modelo:

“D. (Nome e apelidos da persoa individual que solicita) , con DNI. núm. -----, en nome propio (ou en representación de ), con domicilio a efectos de notificación en ----- , toma parte no procedemento negociado, para a contratación do subministro dunha desbrozadora para labores medioambientais, segundo comunicación do Concello de Muras, comprométese a realizar o devandito subministro, no prezo de.....euros e .....euros de iva (número e letra) , con estricte suxeición ós pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que acepta integramente. Data e firma do poñoente “.



## **12. Órgano encargado da contratación.**

O órgano encargado da negociación será o órgano de contratación.

## **13. Idioma.**

Tódolos documentos presentados polos licitadores en idiomas distintos do castelán ou galego, debería ir acompañados da correspondente tradución a calquera deste idiomas. De non facelo así, entenderanse como non formulados, non serán emendables e non poderán ser obxecto de valoración.

## **14. Documentos orixinais e copias.**

Os documentos que se acheguen coas proposicións deberán ser orixinais. Sen embargo admitiranse fotocopias dilixenciadas polo Secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron cotexadas cos seus orixinais.

## **15. Apertura de plicas e adxudicación.**

15.1.O Órgano de contratación o primeiro día hábil seguinte ó de presentación de proposicións ás doce horas, procederá a apertura do sobre "A" e a cualificación da documentación administrativa incluída. Poderá conceder un prazo non superior a un día para que o candidato corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada.

Cualificada a documentación procederá a declarar as empresas admitidas e as rexeitadas con expresión das causas de rexeitamento, estas quedarán excluídas do procedemento e os sobres correspondentes non poderán ser abertos.

A continuación procederá a apertura e exame do sobre "B". Si algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento de licitación, variara substancialmente o modelo establecido ou presentase erro manifesto no importe de proposición, ou existise recoñecemento polo licitador de que adoce de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada en resolución motivada.

Previos os informes que considere precisos procederá a apertura do sobre C correspondente a oferta económica.

### **15.2. Proposta de adxudicación.**

O Órgano de contratación formulará proposta de adxudicación a favor da oferta mais vantaxosa como resultado de aplica-los criterios establecidos neste prego. Poderase designar un comité de expertos polo órgano de contratación para que emita informe técnico sobre





valoración de criterios nos que se dean as circunstancias establecidas no artigo 160.2 do TRLCSP, así como solicitar cantos informes estime precisos antes de formular a proposta.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

### **16. Criterios de adxudicación.**

Os criterios para a adxudicación do procedemento negociado que se regula neste prego, serán os seguintes:

- Garantía ata 18 puntos.
- Calidade, valor técnico, características, e funcionalidade ata 15 puntos.
- Prazo de entrega ata 15 puntos.
- Prezo ata 12 puntos.

Na valoración dos criterios anteriores unha vez fixada a oferta de máxima puntuación, valoraranse o resto das ofertas proporcionalmente. O licitador deberá achegar coa súa oferta toda a documentación que estime necesaria para a valoración segundo o establecido nos criterios anteriores.

### **17. Rexeitamento de proposicións.**

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte da licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola mesa, en resolución motivada.

A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao seu valor económico, ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

### **18 Renuncia.**

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da subministración, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas,



b) a proposta da mesa de contratación, c) a adxudicación provisional ou definitiva, d) antes da formalización do contrato, e) o inicio e execución da subministración, f) a recepción,, etc. faculta á Corporación para que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas en TRLCSP.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o dito importe mediante o procedemento de constrinximento, así como para a indemnización por danos e perdas.

## **19. Adxudicación.**

19.1. Unha vez formulada a proposta de adxudicación requirirase ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de cinco días hábiles, presente:

- Documentación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social.
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por 100 do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP.
- Acreditación do dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

19.2 De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

19.3 O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

19.4 A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

19.5 A administración poderá refusar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de demora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pagamento. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do



disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

### **III.- Formalización do contrato.**

#### **20. Formalización do contrato.**

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo do día hábil seguinte ao da notificación da adxudicación.

### **IV.- Execución do contrato.**

#### **21. Gastos de anuncios e tributos.**

O adxudicatario está obrigado ao pagamento dos gastos de publicación de anuncios nos diarios oficiais, así como nun diario de prensa (por unha soa vez), e tamén paga-los tributos que pesen sobre o contrato ou no seu caso sobre o obxecto do mesmo.

#### **22. Lugar de entrega.**

O adxudicatario entregará os bens no lugar que se indica no epígrafe 11 do cadro de características.

A Administración resérvase a facultade de modifica-lo lugar e programa de entrega en razón das súas necesidades e notificando esta circunstancia expresamente a empresa adxudicataria.

Os gastos de entrega e transporte dos bens obxecto da subministración ao lugar establecido serán de conta do contratista.

#### **23. Prazo de entrega.**

O adxudicatario deberá entregar os bens de acordo cos prazos que figuran no epígrafe 4 do cadro de características, contados desde a data de formalización do contrato en documento administrativo; a posta en funcionamento está comprendida en dito prazo.

O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perda, avarías ou prexuízos causados aos bens antes da súa entrega a Administración.

O adxudicatario está obrigado a notificar por escrito á Administración o día e hora de entrega previstos, non sendo responsable a Administración dos vicios ou defectos que tiveran os bens motivada pola entrega sen previo aviso.

En todo caso a entrega esixirá un acto formal mediante a formalización da correspondente acta de recepción.

#### **24. Bens de calidade defectuosa.**





O adxudicatario responderá da calidade dos bens subministrados e das faltas que houbera.

Cando os bens non estivesen en estado de ser recibidos, farase constar na acta de recepción para que o adxudicatario emende os defectos observados ou proceda a unha nova subministración, sen prexuízo da tramitación de expediente de imposición de penalidades administrativas ou de resolución do contrato.

## **25. Gastos de manuais de funcionamento.**

25.1. Serán de conta do adxudicatario tódolos trámites de documentación da maquinaria, sen que esto supoña custo adicional para o Concello.

25.2 O adxudicatario deberá entregar documentación, instrucións e información suficiente redactados en castelán ou galego, así como, a instrucción do persoal municipal sobre o funcionamento da maquinaria subministrada, sen que esto supoña custo adicional para o Concello.

## **26. Cumprimento normativa laboral de seguridade social.**

O adxudicatario deberá cumprir baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais.

## **27. Dereitos do adxudicatario.**

27.1. Dereito ao aboamento da subministración que realmente entregue de acordo coas cláusulas do presente prego. O dito aboamento deberá efectuarse dentro do prazo máximo de 30 días contado desde a expedición dos documentos que acrediten a realización do contrato e rexistro da correspondente factura.

27.2. Se a administración demorase o pagamento do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo de 30 días a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento do devandito prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei de 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e art. 216.4 da TRLCSP, modificada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentase no Rexistro Xeral, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se corrixa os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no Rexistro Xeral.

27.3. Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pagamento fose superior a catro meses, debendo





comunicarlle á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos na TRLCSP.

**27.4.** Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da administración fose superior a oito meses.

**27.5.** Dereito a transmitir os dereitos de cobramento, nos termos do artigo 218 da TRLCSP.

### **28. Pagos.**

O pagamento do prezo efectuarase dunha sola vez, cando sexan entregados de acordo con este prego a totalidade dos bens a que se refire o presente contrato.

Requirirá a presentación previa de factura acompañada da acta de recepción e informes dos Servizos Técnicos e Administrativos que correspondan.

Nos prezos da oferta enténdese que os licitadores incluíron tódolos custos que corresponden ao subministro, instalación, transporte, embalaxe, montaxe, homologación técnica, etc, así como tódolos impostos de aplicación. En consecuencia o adxudicatario non poderá esixir o pago de cantidade algunha por este concepto.

Para realizar o pago mediante transferencia, o licitador deberá achegar a correspondente certificación bancaria.

### **29. Prórrogas.**

Se a demora na execución do contrato fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir o seu compromiso daráselle unha prórroga de tempo que se lle sinalara o órgano de Contratación poderá concedela por un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

### **30. Prazo de execución do contrato e penalidades administrativas.**

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización del, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración.

Cando o contratista por causas imputables a este, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola



imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

No caso de que o adxudicatario ofertase redución de prazo de execución e a demora fose imputable ao contratista as penalidades diarias indicadas no parágrafo anterior serán as seguintes:

<b>REDUCCIÓN (% sobre o prazo de execución)</b>	<b>Penalidades</b>
Ata un 5%	0,50 por cada 1.000 euros
Ata un 10%	0,55 por cada 1.000 euros
Ata un 15%	0,60 por cada 1.000 euros
Ata un 20%	0,65 por cada 1.000 euros
Ata un 25%	0,70 por cada 1.000 euros
Ata un 30%	0,75 por cada 1.000 euros
Ata un 35%	0,80 por cada 1.000 euros
Ata un 40%	0,85 por cada 1.000 euros
Ata un 45%	0,90 por cada 1.000 euros
Ata un 50%	0,95 por cada 1.000 euros
Ata un 55% ou máis	1 por cada 1.000 euros

A administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de Contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

### **31. Modificacións do contrato.**



No suposto de modificación do contrato de suministro estarase ao disposto nos artigos 219 e 296 do TRLCSP, debendo formalizarse en documento administrativo ditas modificacións de acordo co establecido no artigo 156 do TRLCSP.

### **32. Prazo de garantía.**

O prazo de garantía terá unha duración dun ano. Si durante dito prazo se acredítase a existencia vicios ou defectos nos bens subministrados, a Administración terá dereito a reclamar do contratista a reposición dos que resulten defectuosos ou a reparación dos mesmos se fose suficiente.

Si a Administración estimábase durante o prazo de garantía que os bens subministrados non son aptos para o fin pretendido, como consecuencia dos vicios ou defectos observados e imputables ao contratista e exista a presunción de que a reposición ou a reparación de ditos bens non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá, antes de remata-lo prazo de garantía, rexeitar ditos bens, quedando de conta do contratista e exenta da obriga de pagamento, ou no seu caso, a recuperación do prezo aboadado.

Rematado o prazo de garantía sen que a Administración formulase reparos, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados.

Transcorrido un ano desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase sen mais demora, a devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 100 do TRLCSP.

### **33. Reposición de pezas e conxuntos.**

O adxudicatario está obrigado á reposición e ampliación de pezas ou conxuntos durante o prazo de un ano.

### **34. Causas de resolución.**

Serán as previstas nos artigos 223, 224 e 299 do TRLCSP, cos efectos previstos nos artigos 225 e 300.

### **35. Prerrogativas da Administración.**

Compételle ao órgano de contratación a interpretación do convido, modifica-las prestacións por conveniencia do servizo e de suspende-la execución por causa de utilidade pública, indemnizando, no seu caso,







17. Outros datos:

-Información teléfono: 982 50 00 01

-Lugar onde se poden obter copias do proxecto e Secretaría do Concello de Muras.

**ANEXO II.  
PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA ADQUISICIÓN  
DUNHA DESBROZADORA LATERAL PARA LABORES  
MEDIOAMBIENTASIS DO CONCELLO DE MURAS.**

O ben a subministrar será unha desbrozadora lateral para labores medioambientais do Concello de Muras, e terán as características de referencia que a continuación se detallan:

CONDICIÓNS TÉCNICAS:

1. Chasis: material hardox (chapa) en toda a estrutura da maquinaria, completamente reforzado.
2. A desbrozadora terá indistintamente cuchilla ou martelo.
3. Toma de forza dobre nudo hemocinético.
4. 1,60 traballo
5. Enganche de desprazamento non stop.
6. Chapa antidesgaste. Capota forrada con chapa antidesgaste.

Muras, 30 de maio de 2017  
O Alcalde

